

## A ESCOLA DA VIDA

# Ditadura, transición e democracia

26.09.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Dicía unha profesora amiga que ela cando iniciaba o curso se poñía seria cos seus alumnos; comentáballes cales eran os obxectivos que pretendía coas súas clases e marcáballes claramente as normas coas que deberían proceder nelas. Ela chamáballe o tempo da ditadura. Pasaba o primeiro trimestre aplicando a lei marcial. Cando vía que os alumnos procedían segundo previra, empezaba a abrir a man a algunhas consideracións que ía recibindo dos seus discípulos. Era o momento da transición. O pobo da clase podía empezar a propor, pero sempre dentro dunha orde. Entón, este pobo-alumnado ía pondo en consonancia os seus argumentos coas normas preestablecidas e negociándoas para ver se os cambios que se ían realizar eran mellores para todos que os criterios anteriores. E xa, na última parte do curso, quedaba instaurada a democracia, pois todos sabían o que se esperaba deles: que cumprisen as normas establecidas.

Este é un exemplo de aplicación dunha técnica de bo goberno dunha clase, aínda que para levalo a cabo fai falta ser flexible cando é oportuno e implacable cando se precisa da disciplina con rigor, cando se ve que as cousas toman un rumbo non apetecible. En definitiva, que a autoridade do profesor vai con el ou ela, como vai cos pais ou con calquera outra persoa que a teña que detentar nalgunha circunstancia.

Así pois, a solución non pasa tanto por crear unha Lei de autoridade do profesorado, senón por arbitrar un sistema de educativo diferente. No que se lles dá unha saída diferente e cara a outro tipo de formacións aos alumnos que non queren ou poden permanecer nel (repetidores, absentistas, rebeldes, etc.); no que para o acceso do profesorado non se valore unicamente o que fosen bos estudantes e, por iso, valer para aprobar unhas oposicións pois diso non se obtén ningún tipo de garantías para que sexa un bo profesor. Pero tamén haberá que cambiar a concepción que a nosa sociedade ten da aplicación das normas, posto que unha sociedade adulta que non respecta as normas que se dá a si mesma transmítelles aos mozos que estas están aí só como adorno e non como unha necesidade. Entrementes todo isto ocorre, que cada quen vexa películas como *A clase (Entre les murs)* e saque as súas propias conclusións.